

# ORTEGAL21K. Ortigueira – Cariño (2019)

## REGULAMENTO XERAL

**Art. 1.** Os Concellos de Cariño e Ortigueira e a Federación Galega de Atletismo organizan, o vindeiro sábado 25 de maio de 2019, o **I Medio Maratón Ortegai21k**, que será á súa vez **Campionato de España de Medio Maratón Máster 2018/2019** e **XXIX Campionato de Galicia de Medio Maratón**.

A proba disputarase sobre unha distancia homologada de **21.097,50 metros**.

**Art. 2.** A saída da proba terá lugar ás 17.00 horas desde a Alameda, no Concello de Ortigueira. Os corredores que o soliciten serán trasladados en autobuses dende o Concello de Cariño cara á saída en horarios a determinar nunha circular da proba.

**Art. 3.** O percorrido consistirá nunha saída desde a localidade de Ortigueira e un traxecto lineal ata o Concello de Cariño. O circuíto estará homologado pola **Real Federación Española de Atletismo (RFEA)**.

**Art. 4.** A carreira estará baixo o control do Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

**Art. 5.** O peche da proba realizarase ás 19.30 horas (2 horas e 30 minutos despois da súa saída). Así mesmo, **establecerase un tempo de 1 hora e 15 minutos para o paso polo km 10**.

Pasado o tempo límite correspondente tanto ao primeiro tramo da carreira, como á distancia total, a persoa participante que siga en carreira deberase retirar do circuíto oficial de competición.

**Art. 6.** Estableceranse as seguintes categorías de competición do I Medio Maratón Ortegai21k:

CATEGORÍA	IDADE
Sub20	Nados/as en 2000 - 2001
Sub23	Nados/as en 1997 - 1998 - 1999
Sénior	Nados/as en 1996 ata 1985
Máster 1	Nados/as en 1984 ata 1979
Máster 2	Nados/as en 1978 ata 1970
Máster 3	Nados/as en 1969 ata 1960
Máster 4	Nados/as a partir do ano 1959

Para o Campionato de España e o Campionato de Galicia realizaranse as categorías establecidas nas correspondentes circulares do campionato.

**Art. 7.** As inscricións populares realizaranse a través da pasarela da páxina web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) ata o mércores 22 de maio ás 23.59 horas.

A inscrición para os Campeonatos de España e de Galicia realizarase no ligazón <https://isis.rfea.es/sirfea2/>

O prezo da inscrición é de 15€.

**Art. 8.** Informarase proximamente sobre os lugares e horarios para a retirada de dorsais e a bolsa do corredor.

**Art. 9.** Os dorsais son persoais e intransferibles e deberán ir colocados de forma totalmente visible por diante, sen dobreces, e así se deberán levar durante toda a proba. O chip tamén é persoal e intransferible. O incumprimento deste artigo será motivo de descualificación sempre a criterio do xuíz árbitro da competición.

Non serán admitidos pola organización corredores/as que non estean inscritos/as ou corran sen dorsal e chip, ou co dorsal e chip correspondentes a outra carreira. Impedirase que teñan acceso á carreira en defensa dos dereitos regulamentariamente inscritos.

**Art. 10.** A cronometraxe realizarase mediante o sistema de chop-dorsal. Haberá puntos de control ao longo do percorrido. As persoas participantes que non cumpran co paso por todos os puntos de control establecidos poderán ser descualificadas se así o decide o xuíz árbitro da proba, coa consecuente eliminación dos resultados finais oficiais.

**Art. 11.** Instalaranse postos de avituallamento nos kilómetros 5, 10, 15 e meta.

**Art. 12.** A proba dispoñerá dos servizos médicos conforma a lei vixente para competicións deportivas.

**Art. 13.** A organización poñerá a disposición das persoas participantes dun servizo de transporte entre os dous Concellos, tanto previa á saída como posteriormente á entrega de premios.

As persoas participantes dispoñen dun servizo de gardarroupa na saída e na meta, así como servizo de duchas e vestiarios.

**Art. 14.** Premios individuais: Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa da carreira. Sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. No caso contrario, non se fará entrega da medalla. Os/As atletas que participen no Campionato de Galicia, non poderán optar a ningún premio popular, se non fan o abono da cota da inscrición popular na carreira Medio Maratón Ortegal21k. Os participantes no Campionato de España Máster, optarán a todos os premios populares.

**Art. 15.** A carreira estará controlada polo Comité Nacional de Xuíces da RFEA e o Comité Galego de Xuíces da FGA. Todas as reclamacións deberán facerse directamente ó xuíz árbitro da proba como máximo ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

**Art. 16.** Os/as atletas participantes no campionato, deberán pasar por cámara de chamadas con identificación que estará aberta entre as 16.15 e as 16.45 horas. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do/a atleta agás casos debidamente xustificadas. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos/as.

**Art. 17.** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, ás normas da FGA, RFEA e IAAF.

## **OUTRAS DISPOSICIÓNS**

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

**ASISTENCIA MÉDICA:** A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

**SEGURO:** Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

**ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO:** Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

**LOPD:** Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.